



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Pedagogía social	Código	652G03006	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Barba Núñez, María	Correo electrónico	maria.barba@udc.es	
Profesorado	Barba Núñez, María Candedo Gunturiz, Maria Dolores Fatima	Correo electrónico	maria.barba@udc.es dolores.candedo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Materia de formación básica que pretende desenvolver competencias asociadas ao coñecemento dos distintos ámbitos de profesionalización da educación social e a comprensión das distintas dimensións relacionadas coa intervención pedagóxico-social. Pretende achegar elementos de análise sobre o sentido da intervención pedagóxico-social, á luz dos valores e dos paradigmas científicos desde os que pode comprenderse a acción socioeducativa, poñendo en valor o propio contexto que condiciona a intervención. A súa metodoloxía esencialmente dialóxica pretende achegar contidos e procedementos que permitan desenvolver activamente a reflexión, o debate e o cuestionamento crítico dos temas obxecto de estudo, e colaborar no desenvolvemento de actitudes favorables ó cambio social e educativo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Caracterizar a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional desde os seus inicios ate a actualidade, recoñecendo as razóns que explican a súa evolución.		A1	
		A16	
Escoller e optar criticamente por fontes de coñecemento, procedementos e recursos tecnolóxicos que redunden nunha escolla contrastada da información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6



Determinar razoadamente os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa nos seus ámbitos de actuación, poñendo en relación as súas implicacións e considerando as achegas bibliográficas máis relevantes	A2 A3 A5 A14		
Recoñecer os diferentes campos de profesionalización da educación social e identificar novos ámbitos emerxentes sinalando as razóns da súa evolución	A1 A5 A16		
Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa á luz dos diferentes modelos teóricos contextualizando a súa evolución en Galicia e no conxunto do estado	A3 A5 A16		
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa nos diferentes ámbitos de profesionalización da educación social.	A5 A14		
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo	A2 A3 A14		
Emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional, partindo de diagnoses fundamentadas e contextualizadas	A14 A16		
Mostrar unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos poñendo en valor estratexias comunicativas basadas na escoita activa, a empatía e o emprego normalizado de linguas minorizadas	A20	B5	C1
Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.	A14	B2	
Mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión ao expresar opinións e posicionamentos e nas propias actuacións		B3 B5	
Asumir activamente os principios dunha cultura profesional colaborativa, valorando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade para resolver retos académicos asociados á asignatura	A20	B3	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	A20		C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A EDUCACIÓN SOCIAL COMO OBJETO DE ANALISE E INTERVENCIÓN	1.1. Enfoque de calidade de vida. 1.2. Enfoque de dereitos dende a mirada interseccional. 1.3. A evolución dos discursos e prácticas socioeducativas: perspectiva asistencial versus perspectiva pedagóxico-social.
2. A PEDAGOXÍA SOCIAL COMO MARCO CIENTÍFICO, DISCIPLINAR E PROFESIONAL	2.1. Análise conceptual e evolución histórica da Pedagogía Social. 2.2. A proxección profesional: a educación social.
3. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN PEDAGÓXICO-SOCIAL	3.1. Política social, traballo social e servizos sociais. 3.2. Animación Sociocultural e desenvolvemento comunitario. 3.3. Educación social e institución escolar.
4. OS PROCESOS METODOLÓXICOS NA INTERVENCIÓN PEDAGÓXICO-SOCIAL	4.1. Paradigmas psicopedagóxicos na acción socioeducativa. 4.2. Pedagogía socioafectiva: as emocións en xogo 4.3. Pedagogía da relación: relación educativa e acompañamento. 4.4. Pedagogía comunitaria: redes e participación social. 4.5. Traballo en grupo en equipos interdisciplinares.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B5 C6	15	0	15
Aprendizaxe colaborativa	A20 B3 B2 C6	15	15	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A16 C6	12	10	22
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2 C1 C6	0	15	15
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2	0	32	32
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A14 A16	0	21	21
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Dende os principios da pedagogía socioafectiva, na que a aprendizaxe parte da vivencia persoal, desenvolveremos actividades de indagación interna e sobre coñecementos previos, en relación ás temáticas obxecto de estudo. Pode realizarse en gran grupo ou pequeno grupo, como forma de abordar os puntos de partida desde os que cada persoa se achega ás cuestións que son obxecto de debate ou motivo da resolución de problemas. Combinanse actividades lúdicas, vivenciais, xogos de simulación, xogos de roles... sempre dirixidas a xerar o xerme para unha posterior reflexividade. (VIVENCIA EMOCIONAL)
Aprendizaxe colaborativa	Actividades propostas para que o alumnado en pequeno grupo elabore reflexividade en torno aos tópicos abordados na materia e resolva supostos desenvolvendo estratexias de cooperación na aprendizaxe. É tamén o baseamento para a adquisición de estratexias procedimentais e actitudinais desde as que abordar o traballo en equipo e a solución de problemas de diversa índole de maneira dialóxica, complementando xeitos diferentes de pensar a realidade e competencias diversas. Combinanse actividades de discusión dirixida, reflexión en torno a actividades previas vivenciais, tertulias en torno a lecturas, solución de problemas, estudo de casos, etc. (REFLEXIÓN)
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos máis significativos dos elementos temáticos da asignatura que estruturan as sesións expositivas e dan sentido as sesións interactivas. Dende os principios da pedagogía socioafectiva nos que se sustenta a aprendizaxe da materia, adóitase respectar o proceso: vivencia (a través de actividades previas), reflexión (en aprendizaxe colaborativa), teorización (a través da exposición maxistral e lecturas) e contextualización (levando o aprendido á reflexión no portafolio). (TEORIZACIÓN)
Lecturas	Lecturas complementarias e de profundización nas temáticas abordadas pola materia que permitan achegar marcos de referencia para a análise crítica da intervención pedagóxico social. Ofreceranse lecturas asociadas a cada un dos temas que deberás ser empregadas para xerar reflexividade no portafolio en torno aos tópicos abordados na materia. Serán tamén contido de tertulias dialóxicas ou discusión dirixida na sesión de clase. (TEORIZACIÓN)
Portafolios do alumno	Traballo reflexivo do estudante de elaboración individual ou en pequeno grupo e no que se reflicten as dinámicas das sesións interactivas en relación cos elementos abordados nas sesións expositivas, co fin de consolidar a reflexividade sobre o proceso de aprendizaxe e sobre os contidos abordados na materia, orientados á formación como educadoras e educadores sociais. Valórase a capacidade crítica e reflexiva, así como a capacidade para identificar marcos de referencia que acheguen sentido e profundidade de análise as prácticas realizadas nas sesións interactivas. (CONTEXTUALIZACIÓN)
Proba de ensaio	Comentario de texto, no que se pode utilizar a documentación empregada para o estudo dos distintos temas da materia. A través desta proba se pretende comprobar o desenvolvemento de distintas competencias asociadas á materia: capacidade de análise, síntese e desenvolvemento de reflexións argumentadas e coherentes. Non é só unha proba avaliativa, senón que se realizaran exercicios nesta liña ao longo da materia, orientados a adquirir a competencia para elaborar reflexividade sobre textos de carácter pedagóxico.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Proba de ensaio	<p>A atención personalizada, ben en sesións de aula, ou en tutorías en pequeno grupo ou individuais, relaciónase coa necesidade de reforzar a aprendizaxe na elaboración de informes e memorias reflexivas, así como de comentarios de texto.</p> <p>No caso da proba de ensaio (comentario de texto), dedicarase unha sesión interactiva a traballar a elaboración de comentarios de texto, e ofreceranse en cada tema exemplos de textos sobre os que facer o ensaio, ofrecendo ao alumnado a posibilidade de entregar algún para a súa revisión e ter tutorías individualizadas para reforzar esta aprendizaxe.</p> <p>Motívase á asistencia a tutorías para o seguimento da memoria reflexiva que se plasma no portafolio. Destinaranse tamén tempos na sesión de clase para o acompañamento aos grupos.</p> <p>Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada. No caso de precisar adaptacións, recoméndase solicitalas a través da Unidade de atención á Diversidade da UDC (ADI).</p> <p>O alumnado non asistente deberá comunicar a súa situación a inicio de curso. En base a iso, planificarase unha proposta de aprendizaxe e un calendario de tutorías e seguimento da materia, seguindo as indicacións indicadas no apartado de ?observacións de avaliación?. Son obrigatorias tutorías de acompañamento.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2	<p>Traballo reflexivo da materia, en pequeno grupo, e no que se reflicten as dinámicas das sesións interactivas en relación cos elementos abordados nas sesións expositivas.</p> <p>O portafolio pretende ser a memoria documentada dun proceso creativo e educativo, no que se recolle a súa evolución, de tal maneira que sexa posible apreciar un ?relato coherente? que permita recompoñer unha determinada traxectoria temática.</p> <p>As competencias que se pretende valorar a través da realización e presentación do portafolio teñen que ver coa capacidade de análise, síntese, reflexión e interpretación de situacións, información relevante, etc.</p> <p>Os criterios de avaliación son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Profundidade da reflexión a partir da propia participación nas dinámicas desenvoltas nas sesións interactivas.- Grao de relación co marco teórico de referencia aportado nas sesións expositivas e nas lecturas recomendadas para cada temática.	60



Proba de ensaio	A1 A3 A5 A14 A16	<p>Comentario de texto que pretende a comprobación sobre o grao de desenvolvemento de distintas competencias asociadas á materia. Terá en conta o desenvolvemento dos contidos presentados nas sesións maxistras e traballados nas actividades realizadas polo alumnado. A súa realización pódese apoiar na documentación achegada e noutras lecturas realizadas. É posible levar a documentación para a súa consulta no momento de realización da proba.</p> <p>Os criterios de avaliación relacionados con esta proba son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Identificación da/s idea/s principais e secundaria/s do texto a través dun resumo breve. Se se empregase a modo de resumo un mapa conceptual ou un esquema deberán ser suficientemente completos e explicativos respecto dos conceptos/ideas e da súa relación (estrutura do texto). Valórase, por tanto, a capacidade descritiva e de síntese.- Ampliación dos conceptos ou ideas contidas no texto de referencia, e a súa asociación con outros conceptos e/ou ideas, ou o seu contraste/matizacións ou puntos de vista encontrados- que outros autores/as defenden, estimando a capacidade argumentativa.- Cando empreguemos os argumentos dun autor ou autora (ou os datos e/ou propostas dun estudo/informe concreto) coas nosas propias palabras citaremos a fonte.	40
-----------------	------------------	--	----

Observacións avaliación

1.- Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A ao non poder ser avaliado na totalidade das propostas de aprendizaxe. 2.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas as probas. En caso contrario, a cualificación será a da proba suspensa. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual. 3.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula serán consideradas de forma positiva no proceso de avaliación. 4.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao inicio do curso para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non poida ter unha asistencia sistemática e o faga a tempo parcial, establécense criterios de avaliación adecuados, en cada caso, ás súas circunstancias, garantindo a igualdade de oportunidades. Criterios de avaliación: Portafolios do alumno, seguindo as indicacións ofrecidas no Campus Virtual para o alumnado non presencial. Os criterios de valoración do traballo son os mesmos que para o alumnado non asistente, sendo que a orientación do portafolio é máis teórica que vivencial, ao non participar nas sesións de clase. (40%). Proba de ensaio (60 %). 5.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 80%. 6.- Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC

Fontes de información



Bibliografía básica

ALONSO, Israel e FUNES, Jaume (2009). El acompañamiento social en los recursos socioeducativos. *Revista de Educación Social*, 42, 28-46. BORGES, Carolina e CID, Xose Manuel (2019). Educación Social y profesorado: la escuela como espacio común de intervención, *Revista de Educación Social*, 29, 174-193. CABALLO, Belén e GRADAILLE, Rita (2008). La Educación Social como práctica mediadora en las relaciones escuela-comunidad local, *Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social*, 15, 45-55. CALVO, Aina (2002). La animación sociocultural. Una estrategia educativa para la participación. Alianza editorial, Madrid. CANDEDO, María Dolores (2020). Educación social e escola. Crónica dunha historia recente, *Galeduso*, 13, 66-70. CARIDE, Jose Antonio (2002). Construir la profesión: la educación social como proyecto ético y tarea cívica. *Pedagogía Social, Revista interuniversitaria*, 9, 99-125. CARIDE, Jose Antonio (2004). ¿Que añade lo 'Social?' al sustantivo 'Pedagogía?', *Pedagogía Social Revista Interuniversitaria*, 11, 55-57. CARIDE, Jose Antonio (2017). Cruzando límites: sobre los desafíos de la educación social en tiempos de incertidumbre. *Revista de Educación Social*, 25, 8-29. CASTRO, Oscar (2017). Colonialismo y prácticas discrecionales. Los efectos comunes y particulares de una desregularización del trabajo educativo social. *Revista de Educación Social*, 25, 66-66. CEESG. Documentos profesionalizadores. Definición de la educación social. Código deontológico. Catálogo de funciones y competencias. <http://www.ceesg.gal/gl/ceesg/documentos-profesionalizadoresseccion> CENTENO, Cristina (2020). *Pedagogía Social: marco metodológico y personal del educador*. Alcala Grupo Editorial. COLL-PLANAS, Gerard e SOLÀ-MORALES, Roser (2019). Guía para incorporar la interseccionalidad en las políticas locales. Ajuntament de Terrassa. FREIRE, Paulo (1990). *La naturaleza política de la educación. Cultura, poder y liberación*. Paidós. FREIRE, Paulo (1993). *Pedagogía de la esperanza, Siglo XXI*, Madrid. GIL, Rodrigo e CANDEDO, Dolores (2019). Renta básica y educación social: hacia un nuevo paradigma en los Servicios Sociales. *Revista de educación social*, 29, 28-42. HERNANDEZ, Pedro Javier (2007). Educación y desarrollo comunitario: Dialogando con Marco Marchioni. *Cuestiones pedagógicas*, 18, 285-300. LLENA, Asun e PARCERISA, Artur (2008). La acción socioeducativa en medio abierto. Barcelona: Graó. LÓPEZ, María Ángeles; MARÍN Ana Isabel y DE LA PARTE, Jose María (2004). La planificación centrada en la persona. Una metodología coherente con el respeto al derecho de autodeterminación, *Revista Española sobre Discapacidad Intelectual*, 35 (2), nº 210, 45-55. LÓPEZ, Rafael (2012). La educadora y el educador social en los servicios sociales de atención primaria, *Revista de Educación Social*, 15, 86-94. LÓPEZ, Rafael (2020). A Educación Social no ámbito escolar: unha proposta, *Galeduso*, 13, 91-96. MORÁN, Carmen; BARBA, María y VARELA, Laura (2013). Servicios sociales de crisis ¿educación social en crisis?. Torío et. al. (coords.). *La crisis social y el estado de bienestar: respuestas desde la pedagogía social*, pp. 145-15. NUÑEZ, Violeta (Coord) (2010). Trampas teóricas y conceptuales de la Pedagogía social en construcción. Ponencia en Congreso Internacional de Pedagogía Social. OCAÑA, Luisa María e MAIQUES, Mar (2020). *Mocidade desmontando o patriarcado. Proposta metodológica socioafectiva*. Madrid: InteRed. PALACÍN, Iratxe (Coord.) (2018). *Pedagogía de los cuidados. Aportes para su construcción*. InteRed. Madrid. PÉREZ BURGOS, Ángela (2021). La psicoterapia integrativa en el ámbito de la intervención social: conceptos y métodos de intervención. *Revista de Psicoterapia*, 32(118), 149-162. RUIZ, Cristóbal (2017). La educación social ante el revés de la globalización. *Revista de Educación Social*, 25, 67-78. RUIZ-CORBELLA, Marta; MARTÍN-CUADRADO, Ana María e CANO-RAMOS, María Antonia (2015). La consolidación del perfil profesional del educador social. Respuesta al derecho de la ciudadanía. *Perfiles Educativos*, 37(148), 12-19. RUIZ, Santiago e MARTÍN-SOLBES, Víctor Manuel (2022). Las violencias estructural, cultural y directa en los escenarios educativos, *Revista de Educación Social*, 34, 194-206. PLANELLA, Jordi (2008). Educación social, acompañamiento y vulnerabilidad: hacia una antropología de la convivencia, *Revista iberoamericana de educación*, <https://rioei.org/historico/deloslectores/2358Planellav2.pdf> SAEZ, Juan e MOLINA, José G. (2006). *Pedagogía Social: Pensar la educación social como profesión*. Dykinson, Madrid. SAGREDO, Maider (Coord.) (2017). *El poder del trabajo en red*. Grupo Emaús Fundación Social. SILVA, Diego e CASTRO, Oscar (2009). ¿Qué tenemos que saber sobre los sujetos de la educación?, y algunas cosas más importantes. En ADESU-MEC (Eds), *Educación social: acto político y ejercicio profesional*. Montevideo: Tradinco. ÚCAR, Xavier (2016). *Relaciones socioeducativas. La acción de los profesionales*. Barcelona: Editorial UOC. VARELA, Laura e MORÁN, Carmen (2017). A educación como instrumento de bienestar dos servizos sociais. *Revista Galega de Educación*, 67, 12- 15. VEGA, Amando (2013). La educación social en la escuela: complemento imprescindible, *Revista de Educación Social*, 13. RECURSOS DE TRABAJO: Web do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) www.ceesg.gal Web do Consejo General de Colegios de Educadoras e Educadores Sociales (CGCEES)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

www.eduso.net Web da Revista de Educación Social: [https://eduso.net/res/Caja de herramientas comunitarias](https://eduso.net/res/Caja%20de%20herramientas%20comunitarias).
Universidad de Kansas. <https://ctb.ku.edu/es/conjuntos-de-herramientas>



Bibliografía complementaria	<p>CANDEDO, María Dolores (Coord) (2013). A educación: dereito ou mercadoría? Laiovento CARIDE, Jose Antonio (2000). Educación social y políticas culturales. Tórculo CARIDE, Jose Antonio (2005). Las fronteras de la Pedagogía Social. Perspectivas científica e histórica. Gedisa, Barcelona. CARIDE, Jose Antonio (2009). Elogio de la Pedagogía Social: acerca de los nuevos y viejos desafíos de la educación social. Revista de Educaçao Pública, 38 (set-dez.), pp. 449-468 CASCÓN, Paco (2010). Educar en y para el conflicto. En Caruana, A. Propuestas y experiencias educativas para mejorar la convivencia. Generalitat Valenciana, Conselleria de Cultura i Educació CID, Xose Manuel (Coord) (2018). Educación Social e escola: análise da última década (2006-2026). NEG-CEESG. COLOM, Antonio J.; NÚÑEZ-CUBERO, Luis (2005). Teoría de la educación. Madrid. Editorial Síntesis. (pp. 15-43) EMAÚS (2015). Manual Inclúe. Unha ferramenta para a aplicación dun novo enfoque na atención a persoas en situación de exclusión social. Grupo Emaús Fundación Social. Accesible en http://www.emaus.com/pdf/manual_gallego_web.pdf GIMENO SACRISTAN, José (2001). Educar y convivir en la cultura global. Morata. GIROUX, Henry (2001). Cultura, política y práctica educativa. Graó. HERNANDO, Almudena (2012). Teoría arqueológica y crisis social, Complutum, 23 (2): 127-145. HERRERO, Yayo; CEMBRANOS, Fernando e PASCUAL, Marta (coords.) (2010). Cambiar las gafas para mirar el mundo. Una nueva cultura de la sostenibilidad. Madrid: Libros en acción. LÓPEZ-SOTO, Eva (2017). Situación e transformación dos servizos sociais en Galicia: unha lectura en clave educativa. Revista Galega de Educación, 67, 16 ? 19. LUQUE, Pedro Antonio (2001). Educación y valores democráticos: claves para una educación ciudadana. PPU MARTIN, María Teresa (Coord.) (2000). Planificación y diseño de proyectos en Animación Sociocultural. Sanz y Torres OLTRA, Mónica e HERRERO, Yayo (2013). Las personas primero. Barcelona: Icaria Editorial. ROMANS, Mercé; PETRUS, Antoni e TRILLA, Jaume (2000). De profesión educador(a) social. Paidós, Barcelona. SAEZ, Juan e BAS, Encarna (Coord.) (2007). Pedagogía social y Educación social. Pearson Educación, Madrid SALAMANCA, Lorenzo (2017). Es tarde, pero es nuestra hora. Propuesta motivada para el compromiso en un contexto global. Revista de Educación Social, 25, 30-48. SANTIAGO-MUÍÑO, Emilio (2016). Rutas sin mapa. Horizontes de transición ecosocial. Madrid: Catarata ÚCAR, Xabier; LLENA, Asun (coords.) (2006). Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria. Graó, Barcelona. VEGA-FUENTE, Amando (2013). La educación social en la escuela, complemento imprescindible. Revista Educación Social, 16. VVAA (2016). La pedagogía social en el mundo. Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social, nº27. VVAA (2017). Educación e servizos sociais. Revista Galega de Educación, 67. VVAA (2017). Infancias, desprotección social e educación. Revista Galega de Educación, 66. VVAA (2018). Libro de Actas Educación Social e Escola 2006-2016. CEESG/NEG VVAA (2020). Educación social e escola, Galeduso, 13.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



É recomendable subir unha

fotografía ao perfil de Moodle/Teams, para facilitar a identificación do alumnado no traballo virtual.

Para a realización dos

traballos e actividades de avaliación seguiranse en cada caso as indicacións dadas na aula, que tamén se publicarán en Moodle.

Os traballos presentaranse en

formato dixital e sempre debidamente identificados (nome do alumno, curso, grupo, equipo, materia e nome do profesor). Hai que facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Así mesmo, debe terse en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade no comportamento persoal e profesional.

En consonancia coa

integración dunha perspectiva feminista nesta materia, traballarase na identificación e modificación de prexuízos e actitudes sexistas, e incidirase no entorno para modificalos e promover valores de respecto e igualdade. Deben detectarse as situacións de discriminación por razón de xénero ou doutra índole e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Facilitarase a plena

integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimente dificultades para ter un acceso adecuado, igualitario e beneficioso á vida universitaria. Agrádecese que se comunique calquera necesidade e proposta de adaptación.

O horario de titorías está

exposto na páxina web da Facultade e no taboleiro da porta da oficina.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías